

## En cantos prazos podo facer o meu pago?

► Para o Plan Personalizado de Pago existen **catro posibilidades**, dun ano, é dicir, aboando **todos os recibos dunha soa vez, ou ben en 4, 6 ou 11 meses**. Lembre que en ningún caso a cota resultante pode ser inferior a 15 euros e que, en calquera dos casos, o pago se efectuará **o día 5, ou inmediato hábil posterior, do mes** que corresponda.

Vostede elixe:

PAGO MENSUAL (CADA MES)			
XANEIRO	FEBREIRO	MARZO	ABRIL
MAIO	XUÑO	XULLO	AGOSTO
SETEMBRO	OUTUBRO	NOVEMBRO	DECEMBRO

PAGO BIMESTRAL (CADA 2 MESES)			
XANEIRO	FEBREIRO	MARZO	ABRIL
MAIO	XUÑO	XULLO	AGOSTO
SETEMBRO	OUTUBRO	NOVEMBRO	DECEMBRO

PAGO TRIMESTRAL (CADA 3 MESES)			
XANEIRO	FEBREIRO	MARZO	ABRIL
MAIO	XUÑO	XULLO	AGOSTO
SETEMBRO	OUTUBRO	NOVEMBRO	DECEMBRO

PAGO ANUAL (ABONO ÚNICO)			
XANEIRO	FEBREIRO	MARZO	ABRIL
MAIO	XUÑO	XULLO	AGOSTO
SETEMBRO	OUTUBRO	NOVEMBRO	DECEMBRO

## Quere ver unha simulación de pago?

Para que se faga unha mellor idea do que significaría optar por un ou outro modelo, utilizaremos un **caso práctico** do que pode ser un contribuínte tipo:

- Imposto de **Bens Inmóveis**: 300 euros.
  - Taxa de recollida de **lixo**: 106 euros (2 recibos de 53).
  - **Saneamento**: 32 euros.
  - **Vehículo**: 110 euros.
- TOTAL: 548/ano.

### EXEMPLO DE APLICACIÓN

PLAN DE PAGO PERSONALIZADO PARA 548 EUROS			
ANUAL	TRIMESTRAL	BIMESTRAL	MENSUAL (11 MESES)
548 €	182,66 €	91,33 €	49,22 €



## 2021

Inscripción: ata o 30 de abril  
Cotas: unicamente a 6 meses (xuñ-nov)

## 2022 E SEGUINTE

Inscripción: en calquera momento do ano  
Cotas: 1 - 4 - 6 - 11 pagos

## CITA PREVIA

986 56 58 51  
sede.vilagarcia.gal



Se queres saber máis sobre todos os trámites  
dispoñibles online co teu concello entra en  
[sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)



## O CONCELLO INFORMA

# Chega o Plan Personalizado de Pago



## Cada día máis preto. Cada día, máis doado.

Benquerido/a veciño/a.

Este concello leva anos traballando para modernizar a administración e, igualmente, para procurar unha fiscalidade que resulte o menos gravosa posible, máis xusta e equitativa, incrementando as bonificacións e xestionando diante doutras administracións ingresos que permitan reducir o custe que para todos nós significan os servizos que a diario recibimos. Este Plan Personalizado de Pagos que hoxe presentamos é unha mostra de canto vimos dicindo: grazas á mellora dos sistemas de xestión, financiada con cargo aos Fondos FEDER da Unión Europa, dende agora será posible que poidas pagar os teus principais tributos nos prazos que mellor te conveñan. Todos queremos máis e mellores servizos pero logralo só depende de nós mesmos. Grazas, en todo caso, por contribuír, xa sexa dunha soa vez ou en 4, 6 ou 11 meses: así demostrarás o teu compromiso coa túa cidade e farás posible incrementar o investimento social e as axudas aos sectores máis afectados pola crise.



Alberto Varela Paz  
Alcalde-Presidente de Vilagarcía de Arousa.

## Que é e como funciona a Oficina Virtual Tributaria?

► É unha ferramenta informática que permite que **dende a súa casa** poida facer calquera trámite diante da administración, do mesmo xeito e **coa mesma validez e garantía** que o faría presencialmente. Identificándose, poderá coñecer de primeira man aqueles trámites que lle afectan directamente, **consultar** os seus recibos, **domiciliaos**, pedir un aprazamento, **fraccionar** o pago ou, tamén desde agora, participar dun Plan Personalizado de Pago.

## Que é o Plan Personalizado de Pagos?

► É un novo servizo que lle ofrece o Concello grazas ao cal vostede poder aboar os impostos e taxas sometidos a vencemento periódico (IBI, vehículos, IAE, lixo, sumidoiros, vados e comercios) do xeito que **mellor lle conveña**: dunha sola vez ou en 4, 6 e 11 meses en cotas sen xuros.


## Quen pode solicitalo?

► Quen figura como **titular nos recibos** dos tributos, ou ben un **representante** debidamente autorizado.

## A quen me dirixo?

► Pode facelo **telematicamente**, a través da dirección [ovt.vilagarcia.gal](http://ovt.vilagarcia.gal) ou [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal) (que, neste caso, lle redixirá á anterior). Tamén pode facelo **presencialmente\*** **CON CITA PREVIA OBRIGATORIA**, na Oficina de Xestión Tributaria (Casa Consistorial, planta 3, de 9:00 a 14:00h, de luns a venres). Nun e noutro caso, o servizo municipal faralle **unha estimación dos seus tributos anuais e unha simulación das cotas** segundo o modelo de pago escollido.


(\* ) A cita previa pode solicitala por Internet ([sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)) ou por teléfono: 986 56 58 51.



## Que necesito para facelo telematicamente?

► Unicamente ten que entrar na oficina virtual e **rexistrarse**. Para facelo, o sistema vaille requirir que se identifique e para iso precisa dun **certificado dixital**, é dicir, unha firma dixital que, unha vez instalada no seu **ordenador, tableta ou móbil** servirlle para acceder a numerosos trámites administrativos, incluídos os municipais a través da **sede electrónica**. Ese certificado, como se lle indicará na propia oficina virtual, pode obtelo por tres vías:

- **Cl@ve**, o sistema de autenticación do Goberno de España.
- **Certificado dixital**, que xestionan diversas entidades.
- **DNI electrónico**, que a súa vez lle permite obter o certificado dixital.



## Cales son as condicións para beneficiarse do PPP?

► Hai tres condicións básicas:

- 1 A **suma** dos recibos debe ser **superior a 100€**.
- 2 As **cotas** resultantes **non poden ser inferiores a 15€**.
- 3 O pago das cotas debe estar **obrigatoriamente nunha única conta bancaria**.

## Hai algunha excepción?

► Si, o Plan Personalizado non é aplicable ás matrículas do **Conservatorio** nin á **Escola Municipal de Música**. Tampouco no **Servizo de Axuda no Fogar** nin ás actividades relacionadas co **Mercado e a Praza de Abastos** (postos interiores e exteriores, venda ambulante, uso dos frigoríficos, etcétera).

## Cal é a súa duración?

► A participación no PPP ten unha vixencia dun ano –o seguinte á solicitude– e é **automaticamente prorrogado** para os sucesivos exercicios, agás manifestación expresa en sentido contrario. Teña en conta que no caso de impago dunha das cotas, o seu importe se redistribuirá entre o resto das cotas pendentes, e que o **impago de máis de dúas** implicará a **cancelación** do seu Plan.

## Cando podo solicitalo?

► Con carácter ordinario, a solicitude pode presentarse en calquera momento do ano, pero **sempre antes do 1 de decembro** do ano previo ao que se refire a solicitude. Sen embargo, neste primeiro exercicio (**2021**) **existe unha excepción**: dado o avanzado do exercicio, e para que estea vixente neste mesmo 2021, as solicitudes deberán presentarse antes do 30 de abril. De ser así, teña en conta que o Plan Personalizado só se referirá aos recibos dos padróns que non se puxeran ao cobro. A partir do 2022, o PPP xa acadará a totalidade dos tributos dos que vostede é titular.